

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CBFME11	Fabricación e montaxe	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3023	Redes de evacuación	2023/2024	7	157	188
MP3023_12	Implantación de redes de evacuación	2023/2024	7	57	68
MP3023_22	Montaxe e mantemento de redes de evacuación de auga	2023/2024	7	100	120

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	DIEGO YÁÑEZ FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de montaxe e mantemento de redes de evacuación de augas.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Acondicionamento da zona de traballo.
- Montaxe de redes xerais de evacuación de auga.
- Montaxe de redes de evacuación de augas pluviais.
- Montaxe de redes de evacuación de augas residuais.
- Conservación de redes de evacuación de augas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Elementos e funcionamento das redes de evacuación.	Trátase de facer unha descripcón do funcionamento de calquera instalación de saneamento e os diferentes elementos básicos que a compoñen.	34	18
2	Implantación das redes de evacuación: operacións e ferramentas.	Trátase de describir as operacións básicas que se fan na montaxe dunha instalación de saneamento e as ferramentas empregadas para elo.	34	18
3	Redes de evacuación xeral de edificio.	Explicase a tipoloxía típica deste tipo de instalacións de saneamento, os seus compoñentes principais e o seu funcionamento.	9	5
4	Montaxe dunha rede de evacuación xeral dun edificio.	Trátase de facer a montaxe dunha instalación de saneamento xeral dun edificio no taller.	15	8
5	Redes de evacuación xeral de vivendas unifamiliares.	Explicase a tipoloxía típica deste tipo de instalacións de saneamento, os seus compoñentes principais e o seu funcionamento.	9	5
6	Montaxe dunha rede de evacuación xeral dunha vivenda unifamiliar.	Trátase de facer a montaxe dunha instalación de saneamento xeral dunha vivenda unifamiliar no taller.	15	8
7	Redes de evacuación de augas pluviais.	Explicase a tipoloxía típica deste tipo de instalacións de saneamento, os seus compoñentes principais e o seu funcionamento.	9	5
8	Montaxe dunha rede de evacuación de augas pluviais.	Trátase de facer a montaxe dunha instalación de saneamento para evacuación de augas pluviais no taller.	15	8
9	Redes de evacuación interior de augas residuais.	Explicase a tipoloxía típica deste tipo de instalacións de saneamento, os seus compoñentes principais e o seu funcionamento.	9	5
10	Montaxe dunha rede de evacuación interior de augas residuais.	Trátase de facer a montaxe dunha instalación de saneamento interior para evacuación de augas residuais no taller.	15	8
11	Mantemento de redes de evacuación de augas.	Descríbese as posibles patoloxías dunha instalación de saneamento típica, a súa reparación e o seu mantemento preventivo.	24	12

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Elementos e funcionamento das redes de evacuación.	34

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Acondiciona a zona de traballo, describe as operacións que cumpra realizar e identifica equipamentos e materiais	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a documentación gráfica
CA1.2 Recoñecéronse os elementos que haxa que instalar
CA1.3 Extraeuse a información salientable para levar a cabo a preparación da zona de traballo

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas de unidades. Medida de magnitudes. Lonxitudes, superficies e volumes, presións e temperaturas.
Representación gráfica (manual) de instalacións de redes de evacuación. Interpretación de escalas.
Manexo de equipamentos de medida.
Identificación de compoñentes.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Implantación das redes de evacuación: operacións e ferramentas.	34

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Acondiciona a zona de traballo, describe as operacións que cumpra realizar e identifica equipamentos e materiais	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Identifícaronse as operacións que se vaian realizar
CA1.5 Limpouse o contorno das zonas en que se vaian realizar os traballos
CA1.6 Aproximáronse os materiais, os equipamentos e as ferramentas
CA1.7 Realizáronse operacións de apertura de rozas
CA1.8 Clasifícaronse os residuos de apertura de rozas
CA1.9 Abríronse e compactáronse gabias no terreo
CA1.10 Mantivéronse as zonas de traballo da súa responsabilidade en condicións de orde, limpeza e seguridade
CA1.11 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA1.12 Operouse con autonomía nas actividades propostas

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>0Orde de desmontaxe e montaxe de elementos.</p> <p>Condições de seguridade.</p> <p>Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.</p> <p>Manexo de ferramentas portátiles.</p> <p>Técnicas de marcaxe de caixas e rozas.</p> <p>Técnicas de clasificación dos residuos.</p> <p>Técnicas de evacuación de residuos.</p> <p>Marcaxe de elementos.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Redes de evacuación xeral de edificio.	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta redes xerais de evacuación de auga, tendo en conta a función que realiza cada compoñente	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a función de cada elemento no conxunto da instalación
CA1.2 Identificouse o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas.
Características dos materiais das tubaxes.
Configuracións dos sistemas de evacuación.
Elementos que compoñen as instalacións.
Lexislación sobre tratamento de augas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Montaxe dunha rede de evacuación xeral dun edificio.	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta redes xerais de evacuación de auga, tendo en conta a función que realiza cada compoñente	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Fíxose a implantación da instalación
CA1.4 Realízouse a montaxe da estrutura necesaria (estada, traballo vertical e suxeicións) para a instalación de evacuación de auga
CA1.5 Montáronse os elementos (pechamentos hidráulicos, baixantes, colectores pendurados, elementos de conexión, etc.) dunha rede xeral de evacuación dun edificio ou dunha vivenda tipo
CA1.7 Preparouse o morteiro necesario para a suxeición das conducións tendo en conta a ausencia de vibracións e o illamento acústico
CA1.8 Conectáronse os elementos da instalación

Criterios de avaliación
CA1.9 Realizáronse probas de funcionamento
CA1.10 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA1.11 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas
CA1.12 Retirouse o material sobrante e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe

4.4.e) Contidos

Contidos
Técnicas de montaxe e unión de tubaxes plásticas, de gres e de fundición.
Especificacións de prevención de riscos laborais na montaxe.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Redes de evacuación xeral de vivendas unifamiliares.	9

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta redes xerais de evacuación de auga, tendo en conta a función que realiza cada compoñente	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a función de cada elemento no conxunto da instalación
CA1.2 Identificouse o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)

4.5.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas.
Características dos materiais das tubaxes.
Configuracións dos sistemas de evacuación.
Elementos que compoñen as instalacións.
Lexislación sobre tratamento de augas.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Montaxe dunha rede de evacuación xeral dunha vivenda unifamiliar.	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta redes xerais de evacuación de auga, tendo en conta a función que realiza cada compoñente	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Fíxose a implantación da instalación
CA1.4 Realízouse a montaxe da estrutura necesaria (estada, traballo vertical e suxeicións) para a instalación de evacuación de auga
CA1.6 Montáronse os elementos (pechamentos hidráulicos, baixantes, colectores pendurados, elementos de conexión, fosa séptica, etc.) dunha vivenda unifamiliar
CA1.7 Preparouse o morteiro necesario para a suxeición das conducións tendo en conta a ausencia de vibracións e o illamento acústico
CA1.8 Conectáronse os elementos da instalación

Criterios de avaliación
CA1.9 Realizáronse probas de funcionamento
CA1.10 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA1.11 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas
CA1.12 Retirouse o material sobrante e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe

4.6.e) Contidos

Contidos
Técnicas de montaxe e unión de tubaxes plásticas, de gres e de fundición.
Especificacións de prevención de riscos laborais na montaxe.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Redes de evacuación de augas pluviais.	9

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Monta redes de evacuación de augas pluviais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Describiuse a función de cada elemento no conxunto da instalación e o seu sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)
CA2.2 Identificouse o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)

4.7.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas pluviais.
Características dos materiais das tubaxes.
Configuracións dos sistemas de evacuación.
Elementos que compoñen as instalacións.
Instalacións de recuperación da auga de chuva.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Montaxe dunha rede de evacuación de augas pluviais.	15

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Monta redes de evacuación de augas pluviais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Fíxose a implantación da instalación
CA2.4 Montáronse as condicións dunha rede de evacuación de augas pluviais de evacuación dun edificio ou dunha vivenda tipo (canlóns, baixantes, colectores pendurados ou soterrados, elementos de conexión, etc.)
CA2.5 Aplicáronse técnicas de ancoraxe e suxeición, e as normas de seguridade establecidas
CA2.6 Realizáronse operacións de conexión dos elementos da rede de evacuación á rede xeral (colectores, arquetas, pozos, etc.)
CA2.7 Realizáronse probas de funcionamento

Criterios de avaliación
CA2.8 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA2.9 Retírouse o material sobrante e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe
CA2.10 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas

4.8.e) Contidos

Contidos
Técnicas de montaxe e unión de canlóns e tubaxes.
Sistemas de suxeición.
Probas de estanquidade.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Redes de evacuación interior de augas residuais.	9

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta redes de evacuación de augas residuais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbiuse a función de cada elemento no conxunto dunha instalación de evacuación de augas residuais

Criterios de avaliación

CA3.2 Identifícase o sistema de montaxe (vertical, horizontal, pendentes, conexións, etc.)

4.9.e) Contidos
Contidos

Tipoloxía das instalacións de evacuación de augas residuais.

Características dos materiais das tubaxes.

Configuracións dos sistemas de evacuación.

Elementos que compoñen as instalacións.

Lexislación sobre tratamento de augas.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Montaxe dunha rede de evacuación interior de augas residuais.	15

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta redes de evacuación de augas residuais, tendo en conta función que realiza cada compoñente	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA3.3 Fíxose a implantación da instalación

Criterios de avaliación
CA3.4 Uníronse e tendéronse as tubaxes de evacuación de augas residuais presentándoas desde cada equipamento sanitario ao colector ou á baixante correspondente, seguindo as instrucións correspondentes
CA3.5 Uniuse cada condución da rede de evacuación de augas residuais dun cuarto de baño a cada equipamento sanitario ou elemento terminal
CA3.6 Insonorizáronse as tubaxes de evacuación
CA3.7 Conectouse a rede de evacuación de augas residuais aos elementos (colectores, arquetas, pozos, etc.) da rede xeral de evacuación do edificio, seguindo a normativa correspondente
CA3.8 Realizáronse probas de funcionamento
CA3.9 Colaborouse cos/coas compañeiros/as para a realización dos traballos
CA3.10 Retirouse o material sobrante e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe
CA3.11 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas

4.10.e) Contidos

Contidos
Técnicas de montaxe e unión.
Probas de estanquidade.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Mantemento de redes de evacuación de augas.	24

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Mantén redes de evacuación de augas, e asocia as disfuncións coa súa posible causa	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbóronse as posibles disfuncións que poden presentar as redes xerais de evacuación, as redes de augas pluviais e as redes de augas residuais
CA4.2 Relacionáronse as disfuncións das redes coas operacións de mantemento
CA4.3 Seleccionáronse equipamentos, ferramentas e utensilios necesarios para as operacións de mantemento
CA4.4 Realizáronse operacións de reparación e mantemento de instalacións das redes conforme a normativa
CA4.5 Realizáronse probas de funcionamento
CA4.6 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA4.7 Aplicáronse as medidas requiridas pola lexislación de tratamento de augas
CA4.8 Retírouse o material sobrante e clasificouse para o seu aproveitamento ou a súa reciclaxe

4.11.e) Contidos

Contidos
<p>Comprobacións periódicas de estanquidade.</p> <p>Revisión de sifóns e válvulas.</p> <p>Diminución de caudais.</p> <p>Eliminación de atascos.</p> <p>Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.</p> <p>Lexislación sobre tratamento de augas.</p>

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para aprobar o módulo son a realización de todas as prácticas de taller/aula e a realización e entrega de todas as probas escritas do mesmo, acadando unha nota final media do módulo de polo menos 5 puntos sobre 10.

Os criterios de avaliación resúmense nos seguintes puntos:

- Realización de prácticas durante o curso e a avaliación por parte do profesor mediante unha taboa de cotexo.
- Realización de probas escritas (exames e traballos/tafas) durante o curso e a súa avaliación numérica.
- A nota final do módulo calcularase segundo os seguintes porcentaxes:

A) 50% corresponde á nota media das prácticas feitas polo alumno. (Así mesmo e requisito indispensable para facer a media ter en cada práctica unha nota mínima dun 5).

B) 30% corresponde á nota media dos diferentes exames feitos no curso polo alumno. (Así mesmo e requisito indispensable para facer a media ter en cada exame unha nota mínima dun 5).

C) 20% corresponde á nota media das tarefas e traballos presentados polo alumno ó longo do curso. (Así mesmo e requisito indispensable para facer a media ter en cada traballo/tarefa unha nota mínima dun 5).

*Nota final------(A)+(B)+(C)-----100%

Así mesmo e requisito indispensable para aprobar o módulo ter en cada un dos apartados unha nota mínima dun 5.

O alumno perderá o dereito a avaliación continua cando teña un 10% ou máis de faltas de asistencia ó longo do curso e sen xustificar.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A criterio do profesor e se o tempo o permite, poderanse realizar actividades de recuperación para poder recuperar as actividades (exames, prácticas e traballos/tafas de clase) que non se aprobaron nos trimestres anteriores, para así, poder acadar un aprobado na avaliación final. Ditas actividades de recuperación consistirán en: exames de contidos dados na aula e no taller; tarefas de clase e/ou traballos para casa individuais ou colectivos sobre diversos temas e aspectos relacionados cos contidos do módulo; prácticas de recuperación no taller similares ás normais. Para todas elas haberá que acadalo 5 sobre 10 de puntuación para aprobar.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba extraordinaria consistirá en dous apartados, un exame escrito e outro práctico, sobre os contidos dados no módulo durante todo o curso. Así mesmo e requisito indispensable para aprobar o módulo ter en cada un dos apartados unha nota mínima dun 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no departamento, celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido no centro(xade-programacions), no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebraremos unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acadase os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceranse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán en traballos que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor, e na repetición daqueles traballos de taller nos que non acadou o mínimo esixible.

Tamén en aqueles casos que sexa pertinente poderase levarse a cabo unha flexibilización modular na duración das ensinanzas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A enseñanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural)

intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia:

Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

Educación para a saúde:

Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

Educación para a paz:

Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando críticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

Educación do consumidor:

Trataremos este tema mediante a análise de anuncios publicitarios televisivos, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

Educación non sexista:

Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

Educación ambiental:

A través da visualización de documentais televisivos reflexionarase sobre problemas medioambientais, contemplando posibles solucións.

Educación vial:

Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóviles

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Social, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria.

Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polo que debemos fomentalas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas no centro educativo, co fin de fomentar a relación co contorno productivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas na aula, por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensino-aprendizaxe do ciclo. A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título, por iso, contemplaremos nas actividades varias visitas a empresas relacionadas co sector do metal e se coincidise con alguna feira do sector, tamén se podería intentar asistir a ela.

10. Outros apartados

10.1) Incorporación de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Na medida do posible, e da dispoñibilidade dos distintos talleres, reforzaranse os contidos prácticos, facendo especial fincapé no traballo que realizará cada alumno na empresa no que realice o módulo de prácticas, xa sexa: a execución das operacións básicas de fabricación; as técnicas mecánicas de labra (tradeadura, torneadura, fresaxe etc...); así como os contidos relacionados co emprego dos distintos equipamentos de soldadura.